



O Irixo, xoves, 7 de maio de 2015.

Os socialistas de O Irixo presentaron a lista electoral máis numerosa, 9 + 6, suplentes na que renovaron máis da metade dos seus primeiros 9 candidatos.

O novo candidato apostou por xente con experiencia xunto con xente nova, preparada e con ganas de traballar a reo polo Irixo en eidos como o ámbito social ou a creación de empresas.

Concorren a estas eleccións cun programa electoral que se divide en 5 bloques, NEN@S E FAMILIAS, MOZ@S, MAIORES, O IRIXO, E O CONCELLO.

O programa céntrase en ofrecer servizos ós veciños e na creación de emprego coa posta en marcha de iniciativas e a redistribución da riqueza do concello, chegando a estimarse a creación de máis de 100 postos de traballo entre postos directos e indirectos segundo o programa ao efecto.

NEN@S E FAMILIAS

- Axuda de 3.000 euros para cada neno que naza no Irixo.
- Unha gardaría pública e gratuíta, no anexo ó grupo escolar, (creamos 2 postos de traballo).
- Becas de estudo para que tódolos nenos de O Irixo poidan estudar ou formarse nun oficio igual cós nenos da cidade.
- Axuda de 1.000 euros a cada neno que finalice os seus estudos e siga formándose nun oficio, nunha carreira universitaria ou similar.
- Axuda por infortunio familiar, 3.000 euros ós menores ou estudantes que sufran a perda dun pai, nai ou titor para axudalos a continuar coa súa formación.
- Axuda de material escolar e outros gastos ós nenos con menos recursos para apoialos nos seus estudos.
- Axuda ás actividades extraescolares do grupo escolar, aulas de reforzo e de idiomas para todo o alumnado.
- Apertura e promoción da Biblioteca municipal no anexo ó grupo escolar, (creamos 1 posto de traballo).

MOZ@S

- Axuda de 3.000 euros a emprendedores na creación de novos negocios que xeren riqueza e se establezan no Irixo, (creamos 5 postos de traballo ano).
- Promover, incentivar e subvencionar a creación de postos de traballo, con iniciativas empresariais, cooperativismo, apertura da gasoleneira de O Irixo, etc., (creamos 5 postos de traballo).



- Os traballos do concello contrataranse @s veciñ@s e @s empresari@s de O Irixo, (creamos 15 postos de traballo).
- Formación das persoas en situación de desemprego, creación dunha escola taller, formación en axuda domiciliaria, etc, (creamos 5 postos de traballo).
- Difusión, promoción e subvención ás empresas e empresari@s que se instalen no futuro parque empresarial de O Irixo, (creamos 5 postos de traballo).

MAIORES

- Un centro de día que podería ser na Casa Grande de Dadín con servizo de recollida e transporte dende o domicilio, (creamos 5 postos de traballo).
- Servizo de axuda no fogar a persoas maiores ou dependentes para tódolos veciños que o precisen, sen listas de espera e empregando @s veciñ@s do Irixo xa formados, (creamos 10 postos de traballo).
- Cociña económica e comedor sobre rodas, para as persoas maiores que precisen dun servizo de comedor a domicilio, (creamos 3 postos de traballo).

O IRIXO

- No primeiro ano de goberno, teremos un transporte municipal gratuíto que comunicará diariamente tódolos pobos e parroquias cas Laxas e a Ponte, para que @s veciñ@s poidan desprazarse ó médico ou a facer as súas compras, tamén ó Carballiño a un prezo popular, (creamos 2 postos de traballo).
- Crearemos unha gran cooperativa cun selo de calidade de produtos ecolóxicos de O Irixo, de mel, de castañas, noces, cogomelos, carne, etc... que sexa coñecido e recoñecido, (creamos 25 postos de traballo).
- Creación dun gran parque de arte rupestre, poñer en valor os restos arqueolóxicos do Irixo como por exemplo: castros, mámoas, petroglifos e outros elementos de interese como as minas romanas, (creamos 2 postos de traballo).
- Recuperación da memoria histórica e as súas festas populares e tradicións como a feira do Tellado.
- Creación dun museo etnolóxico da historia e da cultura popular de O Irixo, recompilación de historias, arquivo fotográfico, etc... , (creamos 1 posto de traballo).
- Recuperación en acordo cos seus propietarios das vivendas e pobos abandonados para a explotación empresarial e turística, para goce dos veciños e visitantes e a rehabilitación dun pobo para centro social da caza no Irixo e a asoc. de cazadores, (creamos 5 postos de traballo).
- Formigonado e canalización de augas e reparación de tódolos camiños dos pobos e os seus accesos durante todo o ano e non só nas vésperas das eleccións.



- Urbanizar con beirarrúas e alumeado as principais vías de comunicación que unen núcleos cercanos como Dadín e As Laxas e Abanico ou A Estación, A Lama, Guimarás ou O Couceiro a Bugalleira ou Loureiro, o Tellado, Parada e Nogueiroa, etc...
- Creación dun entorno turístico e paisaxístico con paseos fluviais e ruta dos muíños nas beiras dos ríos que percorren o Irixo e unha praia fluvial de verdade.
- Recuperar para @s veciñ@s a estación do tren como local social, asistencial ou albergue, (creamos 1 posto de traballo).
- Recuperar para @s veciñ@s as explanadas da estación do tren como espazos deportivos e lúdicos ó aire libre.
- Recuperar para @s veciñ@s as tódalas Casas reitorais en deshuso, como casas de turismo rural, albergues, centros culturais, museos, etc. , (creamos 6 postos de traballo).
- Edición e distribución dunha guía turística de O Irixo e promoción do concello.
- Promocionar e potenciar o turismo no municipio, creación de rutas de sendeirismo, cámping, hípica, campamentos de verán para nen@s, campos de traballo para adultos nos restos arqueolóxicos do concello, intercambios internacionais de xóvenes, etc., (creamos 2 postos de traballo).
- Rehabilitar e recuperar espazos e edificacións singulares, eiras, muíños, fornos, capelas, pontes e camiños antigos, etc.

O CONCELLO

- Eliminaremos, suprimiremos e aforraremos a remuneración da tenencia de alcaldía de 17.688 euros, os gastos de oficina de 30.000 euros e gastos diversos de 60.000 euros, que foron aprobados no orzamento do concello para destinar estas cantidades a axudas ás familias, becas @s nen@s, dar emprego @s veciñ@s, axudas a emprendedores e dependencia...
- Adicaremos os 86.874 euros de traballos a realizar por empresas e profesionais alleos ó concello e os 16.800 euros da “Empresa Pala Mixta” aprobados no orzamento do concello, para destinalos á contratación de profesionais e veciñ@s de O Irixo.
- O alcalde visitará periodicamente tódolos pobos para falar e saber da situación de cada pobo en primeira persoa.
- Para calquera decisión de importancia que afecte @s veciñ@s e ó municipio, o alcalde convocará asembleas de veciñ@s para falar, votar e acordar con tod@s o futuro do concello e onde e en que investir os recursos, atendendo ás necesidades de tod@s.



- Unha asesoría xurídica municipal gratuíta ó servizo d@s veciñ@s, empresari@s e comunidades de montes, en temas de dependencia, subvencións, rehabilitación de vivendas, herdanzas, trámites de emigrantes retornados, etc... que axude a poñer en marcha calquera iniciativa que xere riqueza e traballo para @s veciñ@s do Irixo, (creamos 1 posto de traballo).
- Eliminación do pago de taxas por expedición de certificados municipais.
- Axudas á rehabilitación de edificacións particulares e singulares, hórreos, fornos, muíños, etc...
- Cando o Concello non precise do uso da maquinaria municipal, tractor, pala, etc, poderá ésta ser solicitada para a limpeza e acondicionamento de espazos por particulares, comunidades de montes, e cazadores, segundo o trámite ó efecto.
- Colocación de taboleiros informativos municipais en tódolos pobos onde se informará das actividades do Concello, dos Plenos e acordos do Concello para coñecemento de tódol@s veciñ@s.
- Viveiro municipal para facilitar e proporcionar @s veciñ@s árbores máis baratas para fomentar as plantacións..., (creamos 1 posto de traballo).
- Editar unha guía municipal anual física e virtual de tódolos negocios e profesionais de O Irixo para fomentar a súa promoción entre @s veciñ@s de todo o concello e localidades limítrofes.
- Creación dunha axenda Cultural e deportiva do Concello, apoiando e fomentando tódalas actividades e iniciativas culturais e deportivas (veteranos e C.D. Irixo, Irixo F.S., Xuventude Irixo, F.S., competicións automovilísticas, motociclistas, andainas populares, ximnasia para maiores, teatro, entroido, magosto, etc...).
- Control sanitario e análise da calidade da auga dos mananciais e fontes de tódolos pobos e control sanitario e vaciado das fosas sépticas do alcantarillado dos pobos.
- Servizo de recollida de trastos e escombros, para evitar emporcar os montes e as congostras, (creamos 1 posto de traballo).